



1. Correos - O.P. 36 VIGO
2. Correo electrónico - Consellería E.E.I.



Colectivo  
Ecoloxista  
LUITA VERDE



Plataforma en  
Defensa dos  
MONTES DO  
MORRAZO



XUNTA DE GALICIA  
Consellería de Economía, Emprego e Industria  
Xefatura Territorial da Coruña

Rúa Vicente Ferrer, 2 - 15008 A Coruña

DOCUMENTO DE ALEGACIÓNS  
Solicitude de Concesión de Explotación Mineira  
derivada do P.I. XANCEDA nº 7138

Vigo, 18 de abril de 2017

#### ASUNTO:

**DOG do 6 de marzo de 2017**

RESOLUCIÓN do 13 de febreiro de 2017, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se someten a información pública o proxecto de explotación, o estudo de impacto ambiental e o plan de restauración da solicitude de concesión de explotación derivada do permiso de investigación Xanceda, número 7138, situado nos concellos de Frades e Mesía (A Coruña), promovido pola sociedade Explotación de Rocas Industriales y Minerales, S.A. (ERIMSA).

#### ALEGANTES:

[REDACTED], con D.I. [REDACTED], actúa en nome e representación da asociación **A TERRA NON SE VENDE (ATNSV)**, inscrita no Rexistro Central de Asociacións co nº [REDACTED], e no nome das Redes de Asociacións **Galiza Non Se Vende** e **A Ría Non Se Vende**.

[REDACTED], con D.I. [REDACTED], actúa en nome e representación da Asociación de Defensa Ambiental **Salvemos Monteferro**, inscrita no Rexistro Central de Asociacións co nº [REDACTED].

[REDACTED], con D.I. [REDACTED], actúa no seu propio nome e en nome do **Colectivo Ecoloxista Luita Verde** e da **Plataforma en Defensa dos Montes do Morrazo**.

#### MARCO LEGAL DESTE DOCUMENTO DE ALEGACIÓNS

- *Leis estatais 42/2007, do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, e 21/2013, de Avaliación Ambiental.*
- *Lei estatal 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
- *Corpus legislativo galego, estatal e europeo aplicable en Galicia sobre participación cidadá, ordenación do territorio, natureza, medio ambiente, paisaxe, saúde e patrimonio cultural.*
- *Corpus legislativo galego, estatal e europeo aplicable en Galicia sobre minaría, e restante normativa sectorial relacionada co asunto de referencia.*

#### DATOS DE CONTACTO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

- [REDACTED]
- [REDACTED]
- [REDACTED]
- [REDACTED]

## **DATOS DA PERSOALIDADE XURÍDICA DE A TERRA NON SE VENDE**

**R.C.A.** [REDACTED]

- *A TERRA NON SE VENDE é unha asociación sen ánimo de lucro.*
- *ATNSV foi constituída o 25 de febreiro de 2013, e dende entón ven exercendo a súa actividade de xeito continuo.*
- *O ámbito de actividade preferente, que non exclusivo, de ATNSV é Galicia, e así se declara nos seus estatutos.*
- *Os fins principais de ATNSV, segundo se establece non seus estatutos, son a defensa do patrimonio ambiental e cultural do territorio e a transformación da sociedade galega.*

*Por transformación da sociedade galega entendemos a nosa evolución cara a un modo de vida cuxas pautas socioeconómicas, ambientais e culturais sexan intra e inter xeracionalmente xustas e sustentables, que preserve e potencie os nosos valores culturais identitarios e universais, e que preserve, coide e, no seu caso, rexenere a riqueza natural e ambiental do noso territorio. Este obxectivo é extensivo á calquera país, sociedade e territorio aos que podamos dar o noso apoio.*

## **DATOS DA PERSOALIDADE XURÍDICA DE SALVEMOS MONTEFERRO**

**R.C.A.** [REDACTED]

- *Salvemos Monteferro é unha entidade sen ánimo de lucro.*
- *Foi constituída en maio de 2006, e dende entón ven exercendo a súa actividade de xeito continuo.*
- *O seu ámbito fundamental de actividade é Galicia, e así figura nos seus estatutos.*
- *Os seus fins, segundo se establece nos seus estatutos, son os seguintes:*
  - a) *A protección do contorno medioambiental e do seu uso para o recreo colectivo.*
  - b) *A procura do desenvolvemento sostible dos recursos naturais e o seu aproveitamento.*
  - c) *A promoción de alternativas que artellen unha armazón socio-económica baseada no respecto ao medio ambiente e na conservación da nosa paisaxe.*
  - d) *O fomento da participación da mocidade nos valores de respecto á natureza e o estímulo á convivencia nun sistema de liberdade de expresión e de pensamento para conquistar unha sociedade mellor e unha democracia máis profunda.*
  - e) *A defensa do idioma, a etnografía e o patrimonio cultural e histórico galego.*

***Apoiamos e facemos propias as alegacións formuladas e presentadas polo Sindicato Labrego Galego, pola Rede ContraMinaAcción e polas demais asociacións irmás que defenden a natureza, a xustiza social e o aproveitamento sustentable dos recursos naturais da nosa terra.***

#### **Primeira.-**

Non consta que no procedemento se dese cumprimento ao que se dispón no artigo 21,2º da Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

#### **Segunda.-**

No artigo 22 da mesma Lei fálase do “Informe municipal preceptivo”. No dito artigo non se di en qué momento se emite o dito informe, no que se abordan as cuestións de competencia municipal. Como parte lexitimada e interesada é dereito e interese de quen suscribe coñecer o contido de dito Informe unha vez sexa emitido. E iso con independencia da referencia que neste mesmo escrito se fai ao Informe municipal na alusión que se fai no artigo 17,k) da Lei.

Procede invocar o artigo 25 da Lei, que no establece prazo algún para o trámite de audiencia, solicitando esta parte que a mesma se produza inmediatamente sexa emitido o informe preceptivo. Asemade, por unha cuestión de seguridade xurídica, transcurridos dous meses desde a data en que se solicita o informe, esta parte solicita ser informada no caso de NON se ter emitido o dito informe (posibilidade, esta, de non emitirse, que a Lei contempla). Evitando situacións de indefensión das partes interesadas e favorecendo a total transparencia na tramitación do procedemento.

#### **Terceira.-**

O mesmo que se manifestou na alegación anterior reproducése polo que respecta aos “informes autonómicos preceptivos” contemplados no artigo 23. reiterando neste caso, tamén, a referencia ao disposto no artigo 25.

#### **Cuarta.-**

Respecto das parcelas afectadas, o proxecto parte duns planos de parcelas e dunha información que non se corresponde coa realidade, xa que a maior parte da zona afectada foi obxecto de concentración parcelaria recentemente, por unha banda a Concentración parcelaria de Xanceda, e por outra banda a Concentración parcelaria de Papucín. A este respecto, os planos que figuran tanto no proxecto de explotación como no Estudo de Impacto Ambiental, non se corresponden exactamente coa realidade, nin respecto da configuración das parcelas, nin respecto ao uso que se lles está dando. A falta de seguridade xurídica que isto implica tendo en conta as características e alcance do proxecto, e aténdonos á lexislación aplicable, supón un vicio de nulidade de pleno dereito do proxecto presentado conforme ao disposto no artigo 47,1 da Lei 39/2015.

#### **Quinta.-**

No artigo 24 da mesma Lei alúdese á “Compatibilidade de dereitos mineiros e con usos de interese público”. No mesmo dise literalmente o seguinte:

*“1. Se a solicitude dun dereito mineiro afectase un dereito mineiro preexistente ou outros usos de interese público, o órgano mineiro competente pronunciarase sobre a súa compatibilidade ou incompatibilidade, así como sobre a súa prevalencia, a través do procedemento que regulamentariamente se estableza.*

*2. Para iso terá en conta os seguintes criterios:*

*a) A viabilidade e o interese económico da solicitude, de acordo coa memoria presentada.*

*b) A súa incidencia no contorno natural e social, a paisaxe e o medio rural.*

*c) A súa repercusión sobre outras infraestruturas de interese público existentes no territorio afectado (parques eólicos, liñas eléctricas, gasodutos...).*

*3. Se considera que a solicitude é incompatible con outro dereito mineiro preexistente, o órgano mineiro competente ditará resolución motivada, que poñerá fin ao procedemento”.*

En relación con isto cómpre dicir o seguinte:

1) No EIA presentado pola empresa (1º dos documentos dos que se someten a información pública) dise literalmente no punto 5.2.2.4:

*“Se puede decir que en el área de afección objeto del presente estudio no existen espacios naturales en los que se hayan dictado alguna normativa de protección.*

*Los Espacios Naturales son enclaves merecedores de un régimen de protección especial por tener reconocidos unos valores naturales, culturales, científicos o educativos singulares, que se amparan con un régimen compatible con los usos y actividades tradicionales de aprovechamiento ordenado de las producciones, siendo compensadas todas aquellas limitaciones a sus usos.*

*Se han revisado todas las figuras de protección medioambiental que pudieran existir dentro de la zona de estudio, siendo los resultados los siguientes:*

- Parque Nacional: No existen*
- Parque Regional: No existen*
- Parques naturales: No existen*
- Monumentos naturales: No existen*
- Sitios de interés nacional: No existen*
- Zonas húmedas de importancia: No existen*
- Reserva natural integral o parcial: No existen*
- Paisaje protegido: No existen*
- Espacio natural de interés local: No existen*
- Espacio privado de interés natural: No existen*
- Zona de Especial Protección de los Valores Naturales No existen*

*El espacio protegido más cercano es el denominado Río Tambre, a más de 1.200 m de la zona de explotación más cercana”.*

Pois ben: sen a información respecto da clasificación urbanística (e o correspondente informe municipal) tal información non é completa.

Reproducindo o que se di no artigo 32.2,f) da Lei 2/2016, do Solo de Galicia (“Solo rústico de protección de espazos naturais, constituído polos terreos sometidos a algún réxime de protección por aplicación da lexislación de conservación da natureza ou da lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna”) é certo que neste precepto se alude (como fai o informe de ERIMSA) á lexislación de conservación da natureza (aínda que, reiteramos, sería necesario o informe urbanístico ao que se aludiu).

Pero independentemente diso, no citado punto 5.2.2.4 alúdese á necesidade de avaliar valores culturais, científicos ou educativos singulares. Reiterando a ausencia daquela necesaria información urbanística, procede dicir -en coherencia coa reprodución que da Lei do Solo fai ERIMSA no seu Estudo- que a Lei 2/2016 categoriza outros tipos de solo rústico, como os de interese paisaxístico ou de protección patrimonial.

É importante coñecer tamén nestes ámbitos a clasificación urbanística dos terreos (e os documentos técnicos en que se ampare) para coñecer estas afeccións. Polo demais, o estudo detallado do territorio permite ampliar as zonas que se consideran con valores a protexer aínda que non se conteñan en normativa sectorial específica. A este respecto, procede traer a colación o que no artigo 34,3º da Lei do Solo de Galicia:

*“Os concellos que durante a elaboración do seu planeamento e como consecuencia do estudo detallado observen ámbitos que, pese a non contar con protección sectorial, conteñen valores merecentes de especial protección poderán outorgarlles tal categorización, logo da xustificación axeitada e conformidade expresa da administración que teña a competencia sectorial”.*

Polo demais non se contén, na documentación presentada por ERIMSA, a referencia aos PXOM, Normas Subsidiarias ou documentos técnicos que avalen unha clasificación urbanística dos terreos afectados pola pretendida concesión.

- 2) No EIA alúdese á “fraxilidade” da paisaxe (recoñécese aquela), pero carécese de alusión á áreas de especial interese paisaxístico de conformidade coa lexislación de protección da paisaxe de Galicia.
- 3) É evidente que o proxecto afecta a outros de INTERESE PÚBLICO, coa importancia da institución da Concentración Parcelaria, regulada por Lei, habendo referencia a diversos artigos da mesma nunha alegación posterior. Na 10ª alegación deste mesmo escrito abórdase en detalle esta cuestión.

Ligado a este interese público temos, tamén, o tema, da PREVALENCIA (artigo 24,1º da lei de Ordenación da Minaría de Galicia). Esta mesma Lei, no seu artigo 4,1º establece como competencia do Consello da Xunta “Resolver sobre a prevalencia de utilidades públicas incompatibles cando se vexan afectadas competencias atribuídas a distintas consellarías”.

No momento presente non consta que se teña declarado a prevalencia dos dereitos mineiros. Consideración que sería absolutamente errada polas consideracións que se conteñen neste mesmo escrito sobre os usos preexistentes (e actuais).

### **Sexta.-**

No artigo 17 da mesma Lei (o primeiro do Capítulo I, “Procedemento de outorgamentos dos dereitos mineiros”), sobre as “Solicitudes de dereitos mineiros”, dise literalmente:

*“1. Toda solicitude de dereitos mineiros incluírá, polo menos, a seguinte documentación .....  
k) Certificado municipal sobre a situación urbanística do lugar onde se pretende levar a cabo a explotación.*

En relación con isto cómpre dicir que o manifestado no artigo 17,1, k) non foi cumprimentado, dado que non consta a existencia de certificado municipal sobre a situación urbanística.

Cuestión de suma relevancia, toda vez que o réxime de usos establecida na lei do Solo de Galicia ven determinado fundamentalmente pola clasificación dos terreos a nivel urbanístico, cunha primeira distinción entre solo rústico “común” e solo rústico “especialmente protexido”. No caso dos terreos afectados polo permiso de investigación (con base no cal agora pretende obterse unha concesión), por razóns que se explicitan con moita claridade noutras alegacións.

Cómpre dicir que conforme á Lei 2/2016, no artigo 34, 2,a) dispón (define):

*“a) Solo rústico de protección agropecuaria, constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.*

*b) Solo rústico de protección forestal, constituído polos montes veciñais en man común e os terreos de alta produtividade forestal que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña a competencia sectorial en materia forestal”.*

No caso presente, na práctica totalidade o terreo afectado é SRPA (ao ser afectado polo proceso de concentración parcelaria). Solo rústico especialmente protexido ao que lle resulta de aplicación o disposto no artigo 34,1º:

*“solo rústico de especial protección os terreos afectados polas lexislacións sectoriais de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas ou polas de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais”.*

No artigo 36,2º da mesma Lei dispónse que

*“... no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que esta sexa preceptiva”;*

de modo que se obriga a avaliar (niso consiste o informe sectorial) a compatibilidade dos usos, neste caso entre o que pretende implantarse e o habitual nos terreos afectados.

### **Sétima.-**

Polo que di á avaliación de impacto ambiental, debe terse presente como norma de referencia o establecido na Lei 21/2013, de 9 de decembro (BOE de 11 de decembro).

\*O artigo 35, concretamente, sinala que:

*“1. El promotor elaborará el estudio de impacto ambiental que contendrá, al menos, la siguiente información en los términos desarrollados en el anexo VI:*

*a) Descripción general del proyecto y previsiones en el tiempo sobre la utilización del suelo y de otros recursos naturales. Estimación de los tipos y cantidades de residuos vertidos y emisiones de materia o energía resultantes.*

*b) Exposición de las principales alternativas estudiadas, incluida la alternativa cero, o de no realización del proyecto, y una justificación de las principales razones de la solución adoptada, teniendo en cuenta los efectos ambientales.*

*c) Evaluación y, si procede, cuantificación de los efectos previsibles directos o indirectos, acumulativos y sinérgicos del proyecto sobre la población, la salud humana, la flora, la fauna, la biodiversidad, la geodiversidad, el suelo, el subsuelo, el aire, el agua, los factores climáticos, el cambio climático, el paisaje, los bienes materiales, incluido el patrimonio cultural, y la interacción entre todos los factores mencionados, durante las fases de ejecución, explotación y en su caso durante la demolición o abandono del proyecto.*

*Quando el proyecto pueda afectar directa o indirectamente a los espacios Red Natura 2000 se incluirá un apartado específico para la evaluación de sus repercusiones en el lugar, teniendo en cuenta los objetivos de conservación del espacio.*

*d) Medidas que permitan prevenir, corregir y, en su caso, compensar los efectos adversos sobre el medio ambiente.*

*e) Programa de vigilancia ambiental.*

*f) Resumen del estudio y conclusiones en términos fácilmente comprensibles.*

*2. La Administración pondrá a disposición del promotor los informes y cualquier otra documentación que obre en su poder cuando resulte de utilidad para la realización del estudio de impacto ambiental.*

*3. El estudio de impacto ambiental perderá su validez si en el plazo de un año desde la fecha de su conclusión no se hubiera presentado ante el órgano sustantivo para la realización de la información pública y de las consultas.*

\* No artigo 37 pódese ler que:

*“1. Simultáneamente al trámite de información pública, el órgano sustantivo consultará a las Administraciones públicas afectadas y a las personas interesadas.*

*2. El órgano sustantivo deberá solicitar con carácter preceptivo los siguientes informes:*

*a) El informe del órgano con competencias en materia de medio ambiente de la comunidad autónoma en donde se ubique territorialmente el proyecto.*

*b) El informe sobre el patrimonio cultural, cuando proceda.*

*c) El informe del órgano con competencias en materia de dominio público hidráulico, cuando proceda.*

*d) El informe sobre dominio público marítimo-terrestre, cuando proceda.*

*Las comunidades autónomas, en el ámbito de sus competencias, podrán establecer el carácter preceptivo de cualquier otro informe distinto de los anteriormente mencionados.*

*3. Las consultas se realizarán mediante una notificación que contendrá, como mínimo, la siguiente información:*

*a) El estudio de impacto ambiental, o el lugar o lugares en los que puede ser consultado.*

*b) El órgano al que se deben remitir los informes y alegaciones.*

*c) Toda la documentación relevante sobre el proyecto a efectos de la evaluación ambiental que obre en poder del órgano sustantivo.*

La consulta a las Administraciones públicas afectadas y a las personas interesadas se podrá realizar por medios convencionales, electrónicos o cualesquiera otros, siempre que se acredite la realización de la consulta.

4. Las Administraciones públicas afectadas y las personas interesadas dispondrán de un plazo máximo de treinta días hábiles desde la recepción de la notificación para emitir los informes y formular las alegaciones que estimen pertinentes.

5. El órgano sustantivo pondrá a disposición de las Administraciones públicas afectadas y de las personas interesadas aquella otra información distinta de la prevista en el apartado 3 de este artículo que sólo pueda obtenerse una vez expirado el período de información pública a que se refiere el artículo 36 y que resulte relevante a los efectos de la decisión sobre la ejecución del proyecto”.

Pois ben, en relación a estes dous artigos debe manifestarse o seguinte:

1) No EIA Literalmente dise:

*“En las proximidades no se localizan grandes poblaciones, siendo las de mayor importancia Ordes situada a unos 11 kilómetros al oeste , y Cesuras a unos 10,5 km al Noreste. Las distancias y masas boscosas existentes entre las zonas de explotación y estos núcleos hace que la incidencia reciproca sea mínima o nula.*

*La población de mayor entidad es la de Corrillos, situada en el extremo este de la concesión. Las labores se realizarán a distancias superiores a los 450 m. Las viviendas de la zona son de pequeña entidad, con una población asociada que se estima baja y en donde las actividades principales son las vinculadas a la agricultura y ganadería”.*

Información que por imprecisa, vaga e absolutamente xeral ou xenérica, resulta INADECUADA para o documento do que se trata. Na 9ª alegación farase referencia a datos humanos e económicos (impacto) de suma relevancia.

2) Igualmente imprecisa e insuficiente é a referencia á industria:

*“En el entorno próximo la zona industrial más importante es la asociada a la población de Ordes que se encuentra relativamente próxima a la zona de estudio.*

*Destacan también explotaciones mineras de arcilla entorno a un kilómetro y medio de la zona de extracción prevista más próxima”.*

3) O mesmo pode dicirse dos elementos etnográficos:

*“Los elementos etnográficos de mayor importancia son medorras, un castro y varios hórreos, sobre los que no se realizará actividad alguna, y cuya área de cautela será respetada”.*

Sen a máis mínima referencia a catálogo algún, nen a lexislación sectorial protectora algunha nen á normativa urbanística que resulte de aplicación.

4) En canto á “fraxilidade visual”, a empresa recoñece que non é mínima ou irrelevante:

*“la fragilidad visual adquirida, considerando todos los factores expuestos, es de magnitud media”.*

5) No punto 5.3.2 do EIA alúdese á “Poboación”. Comeza dicindo que

*“En las tablas adjuntas se muestran los datos poblacionales en distintos años. En ambos casos se aprecia una regresión constante en las poblaciones de estos dos municipios en los últimos años”.*

Habería que engadir que así seguirá sendo si se poñen trabas á actividade principal (por volume económico e postos de traballo) co desenvolvemento de proxectos como o que pretende implantarse. Remitíndonos outra volta á 9ª alegación, reveladora polos datos que contén.

6) No punto 5.3.3.2.3 do EIA faise referencia ao PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO. Faise nestes termos:

*“En la Resolución del 14 de mayo de 1991, que modifica a la Resolución del 10 de enero de 1990, se ordena la publicación de las normas complementarias y subsidiarias de planeamiento de las provincias de A Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra, de la Consellería de Ordenación del Territorio y Obras Públicas.*

*En el Anexo 4 aparece el Inventario del Patrimonio Cultural referido a la provincia de A Coruña. Se detalla a continuación una relación con el inventario del Patrimonio Histórico- Artístico existente en los municipios de Frades y Mesía”.*

Información do ano 1990 que non pode considerarse actualizada, sen que haxa referencia a algún outro Catálogo ou normativa sectorial que reflicta a realidade a este respecto.

#### **Oitava.-**

Nos artigos 11 a 13 (incluídos ambos) da Lei da Ordenación da Minería de Galicia regúlase o PLAN SECTORIAL DE ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE GALICIA.

#### **Plan Sectorial que non foi aprobado definitivamente.**

#### **Novena.-**

O Proxecto XANCEDA, no plano socio-económico supón un forte impacto no ámbito territorial ao que afecta. Concretamente:

- Hectáreas afectadas	781	
- Explotacións agropecuarias afectadas	26	(absoluta predominancia das de orientación láctea)
- Empregos directos implicados	90	

Un impacto relevante, SIGNIFICATIVO na zona en que pretense asentarse.

Pero, a maiores diso, a documentación que se presenta ignora iunha realidade; a dun macroproxecto mineiro na práctica, que pretende eludirse na súa visulaización pola FRAGMENTACIÓN DE PROXECTOS; aspecto a ter máis que presente, pois o presentado é só unha parte dun CONXUNTO. O que agrava aquela relevancia.

Así, adxacentes ou contiguos a XANCEDA 7138, temos outros 3 proxectos/ permisos de investigación, que é máis que verosímil se convirtan en solicitudes de concesión de:

- MARÍS (parroquias de Frades, Abellá e Papucín, no Concello de Frades):

- Ha. afectadas	3060	
- Explotacións agropecuarias afectadas	65	(absoluta predominancia das de orientación láctea)
- Empregos directos implicados	160	

- ANDREA 7137 (parroquias de Galegos, Abellá e Papucín, no Concello de Frades). Permiso de investigación outorgado por Resolución de 27 de xullo de 2015; Anuncio de 17 de agosto; DOG de 2 de setembro.

- Ha. afectadas	2500	
- Explotacións agropecuarias afectadas	93	(absoluta predominancia das de orientación láctea)
- Empregos directos implicados	230	

- LAMOSA (con ámbito territorial nos Concellos de Oroso e Ordes)

- Ha. afectadas	270	
- Explotacións agropecuarias afectadas	15	(absoluta predominancia das de orientación láctea)
- Empregos directos implicados	30	

Eludir estas referencias é ocultar o impacto social, económico e sobre a poboación do proxecto, ao tratarse de ámbitos territoriais contiguos.



En total, estamos a falar de 6.721 hectáreas, na práctica totalidade de concentración parcelaria dedicada na súa maior parte a praderías e leiras de cultivo de forraxes, que constitúen a base territorial e alicerce de case dúascentas granxas en activo, o 93% das cales son de produción leiteira, que manteñen medio milleiro de empregos.

O impacto é máis que evidente: pola experiencia de prospeccións que xa teñen afectado a granxas da zona, sabemos que a explotación de seixo consistiría na extracción de terra a ceo aberto, até unha profundidade de 2'5 metros, e o posterior recheo coa terra sen o seixo. Desta maneira, os terreos explotados quedan inservibles para a actividade gandeira. Isto é así porque ao extraer o mineral, que o elemento que lle confire estrutura ao solo e permite a drenaxe de auga, os prados non volven producir forraxo ao 100% até pasados uns oito anos como mínimo e calquera precipitación de choiva, por pouca que sexa, transforma o terreo nunha lameira impracticable para o gando maior e o acceso de tractores. Por riba, hai zonas de extracción a carón de núcleos habitados e das instalacións do gando.

En contraste coas cifras sinaladas, a empresa comprométese no seu proxecto a crear 8 postos de traballo temporais mentres dure a extracción de mineira.

### **Décima.-**

É importante ter presente o que se manifesta na recente Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 8129/2016 (23-11-2016), Sala do Contencioso-Administrativo, cuxo Fundamentos Xurídicos 2º e 3º reproducimos polo seu interese:

- *“Que la actora no discute las clasificaciones del suelo que determinará que, según su clase, el uso minero pueda ser autorizado o haya de prohibirse, como cuando afecte gravemente a suelo rústico protegido, como informe el Servizo de Lugo a los folios 414 y ss. E.A., reproduciendo los de la Confederación Hidrográfica de Miño-Sil, el del Xefe de Servizo de Infraestructuras Agrarias y del Servizo de Conservación da Natureza, disciplinando el art. 37 LOUGA que han de preservarse los terrenos de alta productividad y el art. 34.1.c) que en suelo rústico son usos prohibidos los incompatibles con la categoría protegida y los que impliquen un riesgo elevado de deterioro de los valores protegidos, y, en el presente caso, de tales informes no queda garantizado que no se deteriorarán los valores protegidos de los terrenos afectados, estando en parte en zona inundable, con existencia de concesiones de aprovechamiento de aguas, disminuyéndose el valor agrológico y capacidad productiva de predios, afectándose gravemente al lugar de Goá, con concentración parcelaria prácticamente terminada, con disminución de árboles autóctonos, principalmente bidueiros, con las afecciones al régimen hidrológico, calidad de agua de los ríos, capas freáticas y afección a especies y hábitats”.*

- *“Que de las pruebas periciales judiciales practicadas fundamentalmente por la arquitecto Da. Claudia y, en menor medida, por el ingeniero agrónomo D. Juan María aparece una relevante afectación a la estructura agrológica del terreno, la mayoritaria, la clase II, que incorpora un suelo de alta productividad agrícola o ganadera, característico del suelo rústico de protección especial agropecuaria, y concurre en su espacio la reciente concentración de Goá (Cospeito) lo que afecta a 852 hectáreas, existiendo ocasionalmente, carballos e castiñeiras, afectando relevantemente a la estructura viaria, a tres vías de la red primaria complementaria y dos de la red provincial secundaria, así como a canales hidrológicos y zonas inundables, del Miño, Anllo, Guisande, Pequeno, Pequeno de Anllo, Rego de Ribela, Rego de Pumar, Rego de Albán e humedais de Arneiro e As Barcias, y a un espacio natural del Río Anllo y a enclaves arqueológicos de O Castro, túmulos de Rodís e Froilán, afectando todo lo que sea contacto y colindancia, existiendo suelos de clase I, de gran calidad agrológica, a la clave VIII, no aptos para el cultivo, pero en su gran mayoría son de las clases I, II y III, las de más productividad agrícola, afectando el proyecto la vegetación hidrófila y los vallados naturales”.*

No mesmo sentido, Fundamentos Xurídicos 3º, 4º e 5º da Sentenza 222/2017, de 1 de febreiro de 2017, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (adxúntanse copia de ambas as sentenzas).

### **Décimo Primeira.-**

Aquela onde pretende realizarse a explotación é unha zona na que hai moitas explotacións gandeiras de vacún de leite, que constitúen o principal motor da economía local. Trátase de explotacións que teñen moitas cabezas de gando, onde hai mozos e mozas recentemente incorporados á actividade agraria, e que realizaron nos últimos anos constantes investimentos nas súas explotacións para a súa modernización e ampliación, de maneira que a base territorial é un aspecto moi importante e particularmente escaso na zona, xa que os

titulares das explotacións desprázanse coa súa maquinaria máis lonxe das mesmas para cultivar e recoller a alimentación do seu gando.

Os terreos afectados por esta solicitude de concesión mineira foron concentrados ou aínda están pendentes de rematar o proceso de concentración, porque as explotacións da zona necesitaban unha ordenación do terreo, de maneira que os investimentos da Consellería do Medio Rural nos últimos anos nesta comarca foron moi importantes.

Se temos en conta que os terreos afectados pola explotación de cuarzo non van ser aproveitables de obterse a concesión, e van ver moi mermada a súa capacidade productiva durante moitos anos, podemos concluír que a actividade mineira que se pretende levar a cabo é incompatible coa actividade agrogandeira que se está a levar adiante actualmente na zona.

Todas estas circunstancias xa nos dan unha idea da inconveniencia da localización da pretendida concesión.

A maior parte dos terreos afectados teñen actualmente un claro uso agrogandeiro e unha alta produtividade agrícola ou gandeira, posta de manifesto pola existencia de explotacións, cunha alta densidade de explotacións con demanda de terreo para cultivar a alimentación do gando. Estes datos, ademais da propia importancia da existencia de concentración parcelaria e as consecuencias que isto comporta, son suficientes para considerar que a actividade agrogandeira e os usos actuais do terreo, deben prevalecer sobre os pretendidos usos mineiros, que ocasionan efectos irreversibles sobre a configuración e produtividade do terreo.

Este interese colectivo, esta utilidade pública -que levou, no seu día aparelada a urxente execución- debe ser tomada en consideración a efectos das actividades que poidan autorizarse nestes terreos.

O cal debe poñerse en relación coa PREVALENCIA (e o estudo e concreción da mesma, coa expresa Declaración por parte da Administración), como se manifestou na alegación nº 4 deste mesmo escrito.

Dado que a Administración competente en materia de agricultura ten a facultade de actuar fisicamente sobre os terreos, ao terse declarado de utilidade pública a concentración parcelaria, estas actuacións lexítimas e realizadas con habilitación legal entrarían en colisión cos interese e actuacións inherentes á explotación mineira. Particularmente, pode falarse da institución do “plan de aproveitamento de cultivos” (da Lei de Concentración Parcelaria) para visualizar e facer evidente tal colisión de intereses e obxectivos.

A actividade mineira é incompatible coa actividade agraria, de maneira que os terreos adicados a esta actividade deben quedar fóra de calquera autorización que poida implicar no seu día o desenvolvemento dunha actividade mineira.

No caso presente (terreos afectados por XANCEDA 7138) e polo que respecta ao proceso de Concentración Parcelaria, procede comentar o que sigue.

Concretamente, no DOG temos as seguintes publicacións, polo que se respectas a espazos incluídos no ámbito territorial da pretendida concesión mineira:

- ANUNCIO do 18 de maio de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se emprazan os interesados para seren notificados por comparecencia nos expedientes dos recursos de alzada contra as bases definitivas da zona de concentración parcelaria de Xanceda (Mesía-A Coruña). DOG de 10-6-2010.
- O acordo de concentración parcelaria da zona foi aprobado pola dirección xeral competente por razón de materia, con data do 30 de agosto de 2011, e foi publicado e notificado na forma legalmente prevista.
- RESOLUCIÓN do 20 de xaneiro de 2012, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se lles notifica a diversos interesados a aprobación do acordo da concentración parcelaria da zona de Xanceda (Mesía-A Coruña). DOG de 15-2-2012.
- ANUNCIO do 24 de abril de 2013, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se anuncia a toma de posesión provisional dos predios de substitución da zona de concentración parcelaria de Xanceda (Mesía). DOG de 16-5-2013.
- Por ANUNCIO do 2 de xuño de 2014, da Xefatura Territorial da Coruña, dáselle publicidade á Resolución do 23 de maio de 2014, do director xeral de Desenvolvemento Rural, que modifica o acordo de concentración parcelaria da zona de Xanceda-Mesía II (Mesía-A Coruña). DOG de 16-6-2014.

- ANUNCIO do 15 de xullo de 2014, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se emprazan dous propietarios para o trámite de audiencia no expediente de modificación do acordo de concentración, debido á creación dunha servidume de paso na zona de concentración parcelaria de Xanceda-Mesía II (Mesía-A Coruña). DOG de 31-7-2014.

As concentracións parcelarias son proxectos declarados de UTILIDADE PÚBLICA e urxente execución. Interese público, este, que non pode ignorarse na tramitación dunha concesión mineira como esta. Cando entra en vigor o Decreto de concentración parcelaria a Administración da Xunta de Galicia ten competencias para realizar obras que ela mesma aprobe. Tamén debe terse presente a posibilidade de establecer plans de cultivos. Asemade, as obras que se realicen nos terreos obxecto de concentración deben contar coa autorización de dita Administración. Actuacións como movementos de terras, apertura de viais e extracción de materiais son actuacións que poden entrar en colisión cos intereses das concesións mineiras. Resultando, polo demais, que un plan de aproveitamento de cultivos fixado para unha zona quedaría como puro documento teórico sen efectos prácticos ante unha actividade do tipo da que a concesión pretende. Igualmente, as terras deben manterse coidadas e cultivadas, prohibíndose actos que puidesen diminuír o seu valor; falamos de valor agrolóxico e capacidade produtiva. Permitir outra actividade como a implicada na concesión supón, en definitiva, vulnerar unha obriga legal.

Aínda máis: debe terse presente que as zonas de concentración parcelaria, antes de ser decretadas, pasan por un Estudo de viabilidade previo, no que se teñen en conta factores como o potencial humano e a actividade agropecuaria na zona; búscase investir nas explotacións en innovación e en proxectos que redunden no establecemento de poboación no rural, que favorezan este.

Os valores que determinan a existencia de solo rústico de protección agropecuaria son previos (a ao noso entender superiores, debendo manifestarse a Consellería de Medio Rural) ao interese mineiro. Entedendo que debe evitarse a ca actividade extractiva/mineira en zonas de concentración parcelaria, pois faise perder a finalidade das terras, deixando sen nengún froito os investimentos realizados pola unta de Galicia.

Debe considerarse SRPA non só os terreos concentrados senón en xeral todos os de alta produtividade agraria. Os datos que se aportan na 8ª alegación son de por sí expresivos.

En todo caso, na documentación presentada pola empresa no momento presente, non se observa a existencia dun Estudo detido sobre os efectos da concesión mineira pretendida na (importantísima) actividade agropecuaria da zona afectada.

### **Décimo segunda.- ZONAS DE ESPECIAL INTERESE AGRARIO:**

No DOG do 7 de novembro de 2007 publicouse o DECRETO 206/2007, do 25 de outubro, polo que se declaran como zonas de especial interese agrario as comarcas de Ordes, A Terra Chá, A Limia, O Deza e O Baixo Miño.

No mesmo dise que

*“A ampliación da base territorial das explotacións permitirá unha menor dependencia de pastos e forraxes externos, así como a posible diversificación de cultivos, aumentando a capacidade produtiva das explotacións e a posibilidade de apertura a novos mercados para a comercialización dos produtos agrarios.*

*Obxectivos e finalidades que redundan nunha elevación do nivel de vida dos agricultores, abrindo e facendo atractiva a actividade agraria a novos sectores de poboación para o seu asentamento no rural, superando así o envellecemento e o abandono do agro galego ....*

*Logo dunha primeira análise do territorio determináronse unhas zonas caracterizadas pola súa alta produtividade agrícola e gandeira posta de manifesto pola existencia de explotacións que o avalan ou polas propias características e potencialidade dos terreos ou zonas en que se localizan. Zonas que foran obxecto de concentración parcelaria ou que poderán selo no futuro, nas cales, a actividade agropecuaria, número de explotacións, plans de mellora, incorporación de mozos e mozas á actividade agraria, son factores que se tiveron en conta para a determinación de zonas de especial interese agrario que realiza este decreto”.*

Sinalándose na parte dispositiva que:

*“Declárase de especial interese agrario o solo rústico de protección agropecuaria situado dentro do ámbito territorial dos concellos seguintes:*

-Comarca de Ordes: Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo. ....”.

### **Décimo terceira.-**

A vixente Lei do Solo de Galicia, Lei 2/2016, obriga a incluír na categoría de solo protexido, non só as zonas de dominio público, de servidume, de policía e con risco de inundación que se teñen que incluír na categoría de solo rústico de especial protección de augas.

As chairas asociadas á dinámica fluvial adxacentes aos cauces son as responsabeis de evacuar a meirande parte da carga líquida ou sólida do cauce fluvial durante as avenidas, -especialmente durante as de maior período de retorno-, que terán que ser incluídas na categoría de solo rústico de especial protección de espazos naturais. E aínda que no se consideren solos inundables, é evidente a perda de drenaxe que se produce e a evidente posibilidade de converterse en encharcables os terreos.

Tendo en conta que os acuíferos subterráneos poden estar localizados a pouca profundidade en interacción coa auga superficial ou poden estar a gran profundidade, sen relación algunha coas augas superficiais, a ausencia dun estudo hidrolóxico e xeotécnico na memoria que acompaña a empresa, podería derivar no risco probable de que as catas e calicatas realizadas poidan variar os niveis freáticos, cambiar os acuíferos locais, provocar cambios localizados no caudal dos mananciais e nas direccións de fluxo, ao descoñecerse este dato, e mesmo provocar desabastecemento dalgún núcleo de poboación.

Ao mesmo tempo, a ruptura do nivel freático pode tanto causar inundacións localizadas como o descenso de caudal en determinados mananciais. Isto tería consecuencias nefastas para a agricultura e gandería.

### **Décimo cuarta.-**

Igualmente debe terse presente (sen que na documentación aportada non hai a máis mínima referencia -debendo, desde logo contemplarse-) o relativo ás CONCESIÓNS DE AUGAS en favor de familias e explotacións, tramitadas ante e ontidas de “Augas de Galicia”).

Carencia chamativa e determinante da oportunidade ou non de implantar unha actividade con fortísima incidencia neste ámbito da auga (sexa para as casas, sexa para as explotacións gandeiras, fundamentalmente).

Hai aquí tamén implicada unha UTILIDADE PÚBLICA.

Hai neste ámbito tamén a provocación de danos irreparables e o ataque ao dereitos recoñecidos polas normas, sexa con carácter xeral sexan os dereitos concretos que outorga a obtención dunha concesión de augas.

### **Décimo quinta.-**

O Estudo (a documentación aportada) aporta relevantes carencias noutros ámbitos:

- Ausencia de valoración de actividades como apicultura, producións ecolóxicas...etc.
- O estudo de impacto e integración paisaxística non é tal. Tan só contempla medidas correctoras. Non ten en conta o impacto e integración paisaxística para a poboación que vive nas inmediacións a só a 40 metros. Tan só recolle un punto de medidas contempladas para a integración paisaxística, o cal é absolutamente insuficiente nun documento deste tipo.
- Debe terse presente (cousa que no se reflicte) que a vexetación de ribeira e autóctona é empregada como pantalla vexetal e minimizadora do po en suspensión.
- No que respecta ao patrimonio inmaterial, os valos das fincas construídos de pedra en seco son algo do que debe deixarse constancia, cousa que non se fai.
- Polo que di á realidade do arborado de frondosas, úsanse expresións absolutamente indeterminadas como “se mantendrá un a fracción suficiente”. As frondosas dada a súa resiliencia fronte ao cambio climático, deben ser obxecto de mellora e preservación e NUNCA DE DETERIORACIÓN. As masas de frondosas deben permanecer intactas na súa integridade e ser obxecto de preservación e mellora.

Procede remitirse ás páxinas 28 e 29 do E.I.A.

- Compriría igualmente abordar nun estudo, adicándolle un apartado específico, os efectos sobre a saúde das persoas, ao partirmos da base da existencia de pó e o desenvolvemento da actividade a 40 metros das vivendas.

Ademais de identificar exactamente os compoñentes físicos e químicos do material de desmorte, deberán analizarse particularmente as condicións hidroxoloxicas, así como as propiedades xeolóxicas do chan subxacente. A permeabilidade dos estratos e o réxime de drenaxe natural son factores esenciais que inflúen na protección das augas subterráneas.

Todas as etapas do proceso producen pó e ruído, que poden contaminar o posto de traballo e o medio ambiente. Estas partículas de po afectarán en gran medida ás poboacións e ganderías ubicadas dentro dos 500 metros do radio da explotación.

Non existen valores universais que poidan usarse para calcular a cantidade de po producido nunha instalación determinada, xa que esta depende, entre outros factores, da estrutura cristalina e da composición xeolóxica dos minerais, do grao de trituración e das características técnicas da instalación, aspecto non avaliado pola empresa. Con todo, se se ten en conta que unha explotación moderna procesa unha media de ata 50.000 toneladas diarias de mineral, incluso unha porcentaxe mínima de emisións de po contaminaría os chans e a vexetación na contorna das instalacións de procesamento. Sobre todo a deposición de metais pesados nos seres vivos a través da cadea alimentaria pode prexudicar a saúde humana. A presenza de pos fibrosos no posto de traballo, pola súa banda, pode causar danos á saúde, producindo silicose ou asbestosis. Estes pos fibrosos afectarían á poboación da entorna nun radio de 500 metros. É preciso por tanto un estudo da saúde da poboación e a incidencia do po xerado nas enfermidades pulmonares e respiratorias, xa que estas teñen a súa orixe en boa medida na contaminación ambiental.

Para reducir ao mínimo a contaminación con po, as máquinas deben dotarse dun revestimento adecuado. Onde isto non sexa posible por razóns técnicas, o aire de saída deberá conducirse a un separador de po. A selección do dispositivo filtrante máis adecuado faise en función da composición e da distribución granulométrica das partículas emitidas. Polo xeral, utilízanse ciclóns para a filtración basta e tecidos filtrante para as partículas finas. Con iso redúcese a concentración de po no aire depurado a menos de 10 mg/m<sup>3</sup>. Nos ámbitos de traballo con altas emisións de po, debe prescribirse o uso de máscaras protectoras para os operarios. En zonas cálidas convén usar máscaras con superficies filtrantes grandes.

Para limitar as emisións de ruído, convén illar as instalacións, reducindo ao mínimo o número de aberturas no illamento. Pero como se van a illar unhas instalacións ao aire libre? Ademais, cal vai a ser o tempo de traballo marcado polas maquinarias? Por elo convén adoptar medidas destinadas a reducir as molestias nas zonas residenciais circundantes. As medidas antisonoras deben iniciarse xa na fase de planificación, podendo preverse distancias mínimas entre instalacións e vivendas, así como a construción de terrapléns e/ou muros antirruído.

No posto de traballo, a automatización e a instalación de estacións de control a distancia constitúen a única posibilidade de evitar a contaminación acústica. En postos de traballo con altos niveis de ruído, os operarios deben dispoñer de protectores auditivos e estar concienciados para usalos responsablemente, a fin de evitar casos de xordeira.

- Bótase en falta a acreditación da dispoñibilidade dos terreos.
- Hai que falar da necesidade de escoitar e facer constar a voz das persoas profesionais da actividade agrogandeira, dado que se elimina a funcionalidade actual das terras, deteriorando as mesmas de xeito irreversible e defrauda as expectativas de fixación de poboación no rural.
- Outro aspecto relevante é a eliminación dos solos e da súa funcionalidade. Danos irreversibles e impactos significativos que eliminan a súa función e utilidade. Non se contemplan medidas para frear a erosión dun terreo sen elementos de fixación como son as pedras. Os minerais dos solos proceden das rochas e constitúen o verdadeiro chan; son necesarios para a alimentación vexetal, e representan unha excelente fonte de compostos químicos. Os principais minerais son: grava, area, limo e arxila. A fracción mineral do chan provén directamente da roca nai, e está constituída por fragmentos de roca de diferentes tamaños. Os minerais do chan representan o 45% dos compoñentes do chan. Se non hai rochas, non hai minerais, e por tanto temos chans empobrecidos e carentes de aptitude para a agricultura.
- A documentación presentada e o estudo realizado en absoluto contemplan as necesarias previsións sobre cambio climático e quecemento global.

- Atendendo ao que se di na páxina 20 do Proxecto de explotación, temos que os furados que poden facerse na terra (que se contemplan nas previsións) poden chegar a ser de 4 metros; iso, previa reirada da terra (solo vexetal). Iso a maiores do paso de camións con capacidade de causar un forte impacto sobre o terreo.

O arranque na explotación realizaríase mediante retroexcavadoras, avanzando en retirada, deixando ocos de entre 2 e 4 metros de profundidade.

- Igualmente non se contemplan medidas compensatorias en relación con estas afeccións sobre o medio ambiente.

#### **Décimo sexta.-**

A relación custos-beneficios fai que non sexa positiva a aprobación de proxectos destas características, por razóns expostas nas alegacións anteriores, particularmente polo que respecta á afección sobre a actividade agogandeira, así como o sinalado na 13ª alegación. Elimínase a funcionalidade actual e potencial dos solos, destrúese o medio de vida de meirande parte de poboadores/as do territorio, xerándose desemprego e alentando o éxodo rural.

#### **Décimo sétima.-**

O impacto sobre o ciclo hidrolóxico dos solos afectados tradúcese nun incremento da escorrentía superficial e arrastre do solo por erosión, nunha diminución ou impedimento para a recarga dos acuíferos (fontes, pozos traídas veciñais de auga, etc) e nun incremento do perigo de inundacións.

Tamén hai un impacto sobre a calidade das augas, que supón un arrastre de partículas do solo, fertilizantes, nutrientes, herbicidas etc producindo a contaminación das augas.

O impacto sobre a biodiversidade agraria, supón a desaparición de aves como as becadas, agachadizas, merlos, papos roibos etc, que basean a súa alimentación nas miñocas do solo, ou garzas, garzetas, que se alimentan de toupas, grilos, etc., alterando por completo o equilibrio existente entre as diferentes especies.

No que se refire á capacidade produtiva dos solos explotados, prodúcese un deterioro irreversible da estrutura e da estabilidade dos agregados do solo, que conleva unha diminución da capacidade da permeabilidade e capacidade de infiltración da auga, unha redución da capacidade de almacenamento da auga para o crecemento dos cultivos, un maior risco de stress hídrico dos cultivos no verán, prodúcese unha maior erosión do solo e unha diminución da materia orgánica do solo por oxidación e rápida mineralización, e tamén aumenta a densidade do solo e compactación, facendo mais caro e difícil o laboreo

Dende o punto de vista da produtividade agrícola da terra, hai que destacar que se ve afectado o crecemento das plantas debido á compactación do solo, que impide o desenvolvemento das raíces, polo que teñen menor capacidade de extraer os nutrientes así como a auga do solo, por outra banda, atrásase a data de cultivo debido a que tarda mais en secarse o terreo debido ao pobre drenaxe e capacidade de infiltración da auga da choiva. Esta excesiva humidade do solo produce condicións anaeróbicas que orixinan a asfixia das sementes, e prexudica ás raíces das plantas, o que implica un maior gasto en fertilizantes para compensar a perda de produtividade e un maior gasto en gas oil nas labores agrícolas pola compactación do solo.

#### **Décimo oitava.-**

En data 23 abril de 2013 presentáronse polo SLG-CCLL alegacións á Solicitud de permiso de investigación, no periodo de información pública, nas que se solicitaba a desestimación do permiso de investigación solicitado.

Este documento presentouse coñecendo que no BOE do 10-12-2001 se publicara:

*“Anuncio de la Consellería de Economía e Industria, de la Xunta de Galicia por el que se publica la Resolución, dictada por el Conselleiro de Economía e Industria el 11 de noviembre de 2011, por la que se aprueba la admisión a trámite de las solicitudes de derechos mineros presentadas al amparo de la Orden del 7 de julio de 2011, de la Consellería de Economía e Industria, por la que se convoca concurso público de los terrenos francos resultantes de la declaración de caducidad de derechos mineros correspondientes a la provincia de la Coruña, y se acuerda el orden de prelación para su tramitación”.*

## SOLICITUDE

Como consecuencia de todo o exposto, SOLICITAMOS:

A denegación da solicitude de concesión de explotación mineira formulada pola sociedade *Explotación de Rocas Industriales y Minerales, S.A. (ERIMSA)* en Xanceda, nos concellos de Frades e Mesía (A Coruña).

## SINATURAS

Vigo, 18 de abril de 2017

No nome da rede:



Terra viva e vida digna para tod@s  
[www.galizanonsevende.org](http://www.galizanonsevende.org)

No nome e representación de:



Terra viva e vida digna  
RCA:

Asina:

E no nome da rede:



Unha rede en defensa da Ría de Vigo  
[www.arianonsevende.org](http://www.arianonsevende.org)

No nome e representación de:



Asociación de Defensa Medioambiental

RCA:

[www.salvemosmonteferro.org](http://www.salvemosmonteferro.org)

Asina:

No seu propio nome e no nome das asociacións:

Colectivo  
Ecoloxista  
LUITA VERDE



Plataforma en  
Defensa dos  
MONTES DO  
MORRAZO

<https://defendeomorrazo.wordpress.com/>

Asina: